



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **CIRCULAR 71-2024.** **CONTROL FGA - 14/04/2024**

- **A todas as Delegacións da FGA**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

**Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 14 de abril de 2024 nas pistas do CGTD (Pontevedra).**

**Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.**

- Reservarase un 50% das prazas para atletas que non teñan marca, dende o 1 de abril de 2023, sendo as prazas restantes para as mellores marcas de dito período.
- No lanzamento de martelo terán preferencia os atletas da categoría Sub 14.

**Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 8 de abril.**

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas en pista dende o 1 de abril de 2023.

**Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.**

- Rematará ás 12:00 horas do mércores 10 de abril e serán remitidas a [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal)

**Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.6).- Nos concursos os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.**

**Art.7).- A liña de batida na lonxitude situarase a 1 metro.**



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



### **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

#### **Art.8).- Horario Provisional**

<b>CONTROL FGA - 14/04/2024</b>				
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>		<b>LANZAMENTOS</b>	<b>LONXITUDE</b>
10:00	3000 Obs (0,91)	Abs Homes	Martelo Sub 14 e Sub 16 Homes	Sub 10 Homes
10:18	2000 Obs (0,84)	Sub 18 Homes		
10:35	2000 Obs (0,76)	Sub 18 Mulleres		
10:50	3000 Obs (0,76)	Abs Mulleres		
11:08	1500 Obs (0,76)	Sub 16 Homes		
11:20	1500 Obs (0,76)	Sub 16 Mulleres	Martelo Sub 14 e Sub 16 Mulleres	
11:33	1000 Obs (0,76)	Sub 14 Homes		
11:42	1000 Obs (0,76)	Sub 14 Mulleres		
11:55	1000	Sub 10 Homes		
12:10	1000	Sub 12 Homes		Sub 10 Mulleres
12:25	1000	Sub 10 Mulleres		
12:40	1000	Sub 12 Mulleres	Disco Sub 16 H-M	
13:00	300 mv (0,84)	Sub 16 Homes		
13:15	300 mv (0,76)	Sub 16 Mulleres		
13:30	220 mv (0,76)	Sub 14 Homes		
13:45	220 mv (0,76)	Sub 14 Mulleres		

**Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo [control@atletismo.gal](mailto:control@atletismo.gal)
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

**A Coruña, a 02 de abril de 2024**

**Yolanda González Fernández**  
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo